



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 16 DE FEBREIRO DE 2024

Ás 10:30 horas do día 16 de febreiro de 2024, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 12 de febreiro de 2024, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais:

- D. Fernando González Abeijón, representante do PP (asiste a todos os puntos, agás ao punto 3b)
- D^a. Margarita Parajó Calvo, titular da Asesoría Xurídica (asiste ao punto 3b)
- D^a. María Isabel Fernández Gabriel, suplente da titular da Asesoría Xurídica (asiste a todos os puntos agás ao punto 3b)
- D^a. Olga Gómez Corbal, suplente do interventor xeral
- D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos
- D^a. Beatriz Barbará Rodríguez, xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos (asiste ao punto 3b)
- D^a. María del Carmen Pintado García, xefa do Servizo de Transportes (asiste a todos os puntos, agás ao punto 3b)
- D. José Angel Otero Lamas, xefe de área de Investimentos
- D. Jesús Núñez Torrón, xefe da Área de Benestar Social (asiste aos puntos 2a e 3a)
- D. Cristina Gómez García, xefa do Servizo de Igualdade (asiste aos puntos 5a e 6a)
- D. José Francisco Mourelle González, técnico responsable de seguridade informática, suplente do xefe do Servizo de Administración Electrónica (asiste aos puntos 5b, 6b, 8a, 9a e 10a)

Secretaria: D^a. María Dolores Sotelo Gallego

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Dar conta da interposición de recursos

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de redacción de proxecto para a mellora da piscina municipal de Teis (1641-441)

Dáse conta da interposición do recurso de reposición por parte de D. Jose Antonio Morales Galdeano, en representación de ARGENIA INGENIERÍA Y ARQUITECTURA, S.L., de data 6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de febreiro de 2024 (documento nº 240044775) contra o acordo da concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023) de data 15 de xaneiro de 2024 polo que se lle exclúe deste procedemento.

2.- Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade dos/as membros presentes, admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. CLECE, S.A.
2. QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U.

3. Apertura das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor (procedementos abertos)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de teleasistencia domiciliaria do Concello de Vigo (258007-301)

Procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliável mediante xuízo de valor" dos licitadores admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro e obras do proxecto de "Renovación do Parque Camilo José Cela no marco do PRTR financiado con Fondos Europeos Next-Generation EU" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – Financiado pola Unión Europea – Next GenerationEU) (1756-441)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A secretaria lembra aos/ás membros da Mesa que, tendo en conta a posible cofinanciación deste procedemento polo Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia no marco dos fondos europeos NEXT-GENERATION-EU, foi necesario, en cumprimento da Orden Ministerial HFP/55/2023, de 24 de xaneiro, dar traslado á "Responsable da operación" do expediente para a correspondente análise ex ante na ferramenta informática de data



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



mining, MINERVA, previa solicitude do código do responsable da operación en COFFEE.

Para levar a cabo o anteriormente indicado, procedeuse a comunicar no expediente, os datos dos/as membros da Mesa de Contratación, do equipo técnico que realizará o estudo e avaliación das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e do licitador admitido no presente procedemento e a por á firma dos/as primeiros/as as correspondentes DACI segundo o modelo establecido na devandita orde.

A secretaria informa que o informe de análise ex ante da ferramenta MINERVA, de data 31 de xaneiro de 2024, pon de manifesto o seguinte:

"Se ha realizado el análisis de riesgos de las 8 posibles parejas decisor-potencial beneficiario, siendo el resultado el siguiente:

*8 casos de no detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas verdes)
0 casos de detección de existencia de riesgo de conflicto de interés (banderas rojas)*

Además, hay 0 potenciales beneficiarios para los que no consta información de titularidades o constan como fallecidos (banderas negras).

Todas las parejas decisor-potencial beneficiario están en situación de bandera verde."

A continuación, procédese á desenscriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" do licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos/as membros presentes, dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación ao servizo xestor.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliábeis mediante xuízo de valor

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado pola xefa do Servizo de Igualdade o 11 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 9 de febreiro de 2024 de valoración do sobre B "proposición avaliábeil mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos/as membros presentes.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 3 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura das proposicións avaliábeis mediante fórmula (procedementos abertos e abertos simplificados), e se procede, proposta de clasificación ou clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliábel mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)	Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo en (meses)
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	60.000,00 €	30,00

O licitador presenta o orzamento detallado esixido no PCAP

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, conséntase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Prezo do contrato (sen IVE)	Incrementa a experiencia laboral dos medios persoais para adscribir ao servizo en (meses)	TOTAL
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	35,00	20,00	55,00

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliábel mediante xuízo de valor (43,75 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	43,75	55,00	98,75

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión e dinamización da Casa das Mulleres (12530-224) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	98,75

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, XERMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais e materiais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113)

Procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" do licitador admitido co seguinte resultado:

	Licitador	Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios previsto no apartado 3G da FEC
1	BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.	10 %

O licitadores presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

En aplicación dos criterios recollidos no apartado 7D do Anexo I -FEC- e a cláusula 18.1.b do PCAP, constátase que a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados, polo que procede outorgarlle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula ao abeiro do previsto na cláusula 16.3:

	Licitador	Porcentaxe única de desconto a aplicar aos prezos unitarios previsto no apartado 3G da FEC
1	BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.	60,00



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Tendo en conta a puntuación obtida polo licitador na súa proposición avaliable mediante xuízo de valor (35,00 puntos), a puntuación total é a seguinte:

	Licitador	Criterios xuízo valor	Criterios fórmula	Puntuación total
1	BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.	35,00	60,00	95,00

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da proposición presentada, por unanimidade dos/as membros presentes, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asistencia técnica para o seguimento da execución da iniciativa Vigo Edificios Intelixentes (VEI) (10048-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L.	95,00

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, BUO ESTUDIO ARQUITECTURA Y PAISAJISMO, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
2. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente."

8. Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas anormalmente baixas

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

A secretaria pregunta aos membros da Mesa se teñen conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra que o 1 de febreiro de 2024, en cumprimento do acordado na sesión do 1 de febreiro de 2024, iniciouse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



2. SEGURDADES, S.L.

Durante o prazo concedido, presentou documentación UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.

Pola contra, non presentou documentación en prazo, SEGURDADES, S.L., que presenta a súa xustificación o día 9 de febreiro de 2024 fora do prazo concedido.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 9 de febreiro de 2024 o xefe do Servizo de Administración Electrónica emitiu informe sobre a xustificación presentada no que conclúe que "UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P. basea a xustificación da súa baixa, para manter a calidade da oferta presentada, nas economías de escala en base ó seu volume de negocio na materia obxecto de esta licitación. (...) Unha vez analizada a documentación respecto os valores anormais, da oferta presentada polo licitador UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P. conclúese que a xustificación do prezo é suficiente e esta xustificación e conforme ó orzamento detallado"

A Mesa, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, acepta o anterior informe e acorda propoñer ao órgano de contratación:

- Aceptar a xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P. neste procedemento.
- Excluir deste procedemento a SEGURDADES, S.L., por non presentar documentación ningunha dentro do prazo concedido.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

A continuación entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Administración Electrónica o 9 de febreiro de 2024 de valoración do sobre C "proposición avaliable mediante fórmula" coa proposta de clasificación que é aceptado por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.

10.- Propostas de clasificación (procedementos abertos) ou clasificación (procedementos abertos simplificados)

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por maioría dos/as membros presentes coa abstención de D. Fernando González Abeijón, propónse á concelleira da Área de Goberno de Seguridade,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Aceptar a proposta formulada pola Mesa de Contratación na sesión de data 16 de febreiro de 2024 de xustificación da baixa con valores anormais ou desproporcionados presentada por UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P. neste procedemento.

Segundo.- Excluir deste procedemento a SEGURDADES, S.L., por non ter presentado xustificación ningunha en prazo.

Terceiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de asesoramento e adaptación ao marco normativo en materia de protección de datos (10161-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U.	91.39
2	UNIVE ABOGADOS SECTOR PUBLICO, S.L.P.	88.00
3	TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L.	82.07
4	OBJETIVO TARSYS, S.L.	74.58

Cuarto.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, TELEFONICA SOLUCIONES DE INFORMATICA Y COMUNICACIONES DE ESPAÑA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrese que no apartado 5C das FEC (Anexo I do PCAP) para a acreditación da solvencia técnica, ademais do establecido na cláusula 8.8.3º establécese que é necesario:
 - Estar en posesión da certificación NIVEL MEDIO ou SUPERIOR do ENS segundo o sinalado no artigo 2.3 do ENS (Real decreto 311/2022, do 3 de maio, polo que se regula o Esquema Nacional de Seguridade) e nas instrucións Técnicas de Seguridade.
 Asemade, lémbrese que deberán acreditar a adscrición dos medios persoais esixidos no apartado 5F do Anexo I -FEC-.
- Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

11. Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



a) Procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

A continuación, lembra aos/ás membros da Mesa de Contratación que a resolución de clasificación, co requirimento da documentación do artigo 150 da LCSP, foi notificada a TECNOLOGÍAS PLEXUS, S.L. en 26 de xaneiro de 2024. Este presenta a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira, da solvencia técnica e profesional e das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, así como, o resguardo da garantía definitiva e os anexos IV e V do PCAP. Asemade, figuran no expediente os certificados de estar ao corrente das obrigas tributarias (coa AEAT, Concello de Vigo e ATRIGA) e coa Seguridade Social.

En vista do anterior, a Mesa de Contratación comproba a documentación anterior, enumerada e explicada polo miúdo pola secretaria na sesión e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento, como segue:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 20 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación a través de procedemento aberto de SUBMINISTRACIÓN DUNHA PLATAFORMA DE XESTIÓN E DIFUSIÓN DE INFORMACIÓN DO PARQUE DE MUPIS MUNICIPAIS.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas Particulares de data 19/09/23 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares de data 22/09/23 que rexerá o Contrato, asinado polo servizo de contratación.

Tercero: Aprobar o gasto polo importe máximo de licitación de 102.850,00 € sendo o importe correspondente ao IVE de 17.850,00 €



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

O contrato financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 4320.6090020 "SINALIZACIÓN DIXITAL EN MUPIS DIXITAIS", da anualidade 2024

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente."

Segundo.- A concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 22 de xuño de 2023), o 26 de xaneiro de 2024 adoptou a seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104) na seguinte orde descendente:

EMPRESA LICITADORA	PUNTUACIÓN TOTAL
TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L.	100
SUMINISTROS IMPORTACIONES Y MANTENIMIENTOS ELECTRÓNICOS, S.A.U. (SERMICRO)	49,63

Segundo.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Recordar que tal e como establece a cláusula 8.9 do PCAP "Os licitadores que estivesen inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, regulado polo Decreto 262/2001, do 20 de setembro (DOG nº 200 do 16 de outubro de 2001), ou no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público, están exentos de presentar a documentación que obre neles sempre que se atope vixente.""

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., o día 26 de xaneiro de 2024, que presenta a documentación requirida o 7 de febreiro de 2024, dentro do prazo concedido.

Esta documentación consta de:

- A escritura de constitución da licitadora, os estatutos e o CIF da empresa, xunto coa escritura de apoderamento do representante e o seu DNI.
- Declaración de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Anexo IV do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.
- Anexo V do PCAP, asinado dixitalmente polo seu representante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 10 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Área de
CONTRATACIÓN e
NOVOS PROXECTOS

ÁREA DE GOBERNO DE
SEGURIDADE,
CONTRATACIÓN, FESTAS
E XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE VIGO



- Para a acreditación da solvencia económica e financeira (59.500,00 €), presentan as contas de 2022 nas que o importe neto da cifra de negocios supera esta cantidade.
- Para a acreditación da solvencia técnica e profesional (71.995,00 €), presentan dous certificados de boa execución nos que a suma dos importes do ano 2021 supera esta cantidade.
- Seguro de caución por un importe de 2.166,93 € que cobre a garantía definitiva requirida, figurando no expediente o correspondente documento da Tesourería do Concello de Vigo.
- Certificados positivos de débedas da AEAT e da TGSS.

Ademais desta documentación, figura no expediente, o certificado positivo de débedas do Concello de Vigo, e o certificado de inscrición no rexistro xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia no que figura, entre outros, o certificado positivo de débedas da ATRIGA.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na presente sesión do 16 de febreiro de 2024 comproba a documentación presentada pola licitadora e detallada pola secretaria e, sendo esta correcta, acorda, por unanimidade dos/as membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 13 de decembro de 2023 e 17 de xaneiro de 2024, respectivamente.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar a TECNOLOGÍAS PLEXUS ,S.L. o procedemento aberto para a contratación do subministro dunha plataforma de xestión e difusión de información do parque de mupis municipais (8449-104) coas seguintes condicións:

- a) O prezo total do contrato é de 52.439,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 9.101,12 euros.*
- b) Incrementa o nº de licenzas mínimas indicadas no PPTP (30 licenzas para 30 MUPIS) en 20 licenzas a maiores.*
- c) Comprométese a incluír unha acción formativa online EXTRA ao plan de formación, dirixida ao persoal técnico do Concello en relación cos procesos de configuración e funcionamento da plataforma de xestión e difusión de información do parque de MUPIS municipais, cun mínimo de 10 horas a realizar dentro do prazo do último mes do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:20 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 12:22	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A7AB43-CFD8B1-D95C8A-WUJFXB-BSY9DW-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		